



DATOS IDENTIFICATIVOS

Música nas culturas

Materia	Música nas culturas			
Código	P02G110V01944			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Costa Vázquez, Luís			
Profesorado	Costa Vázquez, Luís			
Correo-e	luiscosta@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aproximación á música como parte da cultura, ás súas funcións sociais e simbólicas, tanto dentro de contextos históricos como contemporáneos e en ámbitos xeográficos diversos, comprendendo non só a tradición europea.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
C54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
C55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
C56	Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D6	Capacidade de xestión da información
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D18	Lideranza

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social dende as artes.	A1 A3 A4 A5			D1 D2 D6 D9 D13 D14
2. Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos musicais nas súas dimensións práctica e cultural.	A1 A3 A4			D1 D6
3. Coñecer a variedade de estilos e manifestacións que a música tivo dende unha perspectiva histórica, con atención preferente á tradición culta de occidente.	A1 A3 A5	C54 C55		D1 D2 D6 D14 D16
4. Coñecer a variedade de estilos e manifestacións que a música ten no contexto actual, nas diferentes culturas e tradicións do mundo, con especial atención ao noso ámbito cultural máis inmediato.	A1 A3 A5	C54 C55		D1 D2 D6 D13 D14 D16
5. Coñecer a variedade de estilos e manifestacións que se encontran bo noso medio inmediato: música culta, tradicional e popular.	A1 A3 A5	C54 C55		D1 D2 D6 D13 D14 D16
7. Adquirir recursos para fomentar o uso de toda a variedade de estilos musicais dentro da acción pedagóxica.	A1 A2 A3 A4			D1 D2 D6 D8 D14 D18
8. Adquirir a competencia para a busca autónoma de recursos nas principais fontes documentais de música de todos os estilos pertinentes (culto, tradicional e popular).	A1 A2 A3 A4	B8 C54		D1 D2 D6 D8 D14 D16 D18
9. Desenvolver a capacidade para o achegamento e observación crítica de realidades específicas da música en diversos ámbitos culturais. Para a súa valoración e a presentación dos resultados deste achegamento crítico.	A2 A3 A4 A5	C56		D1 D2 D6 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D18
10. Desenvolver o sentido crítico ante os fenómenos de mass-mediación e os problemas da homoxeneización cultural nun mundo globalizado.	A3	B8		D1 D6 D13 D14 D16

Contidos

Tema

1. As funcións da música	a. Música como cultura b. Funcións sociais da música c. A música como marcador social: étnico, xeográfico, político, de idade, etc.
2. A música na tradición culta europea: Algunhas aproximacións	a. O mundo da ópera b. Música, literatura e poesía no mundo medieval c. Música e arte no romanticismo europeo

3. A música de tradición oral e popular	a. Conceptos de música tradicional e popular. b. Presenza da música nas sociedades tradicionais c. A música popular no s. XX
4. Aproximación ás manifestacións musicais pasadas ou actuais, e elaboración dun proxecto	a. A elección do obxecto e a selección das fontes de información. b. Elaboración do proxecto c. Presentación do proxecto

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	12	48	60
Lección maxistral	25	50	75
Obradoiro	10	0	10
Presentación	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os estudantes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Seguemento do traballo do alumnado na aula, durante as sesións prácticas
Traballos de aula	Seguemento da elaboración dos traballos de aula
Lección maxistral	Exposición dos aspectos teóricos e prácticos de carácter xeral

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
		A1	B8	C54	D1	D18
Traballos de aula Seguimento participativo nas sesións de aula	50	A1 A2 A3 A4 A5	B8	C54 C55 C56	D1 D2 D6 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D18	
Obradoiro --	0	A1 A2 A3 A4 A5	B8	C54 C55 C56	D1 D2 D6 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D18	

Presentación	Realización e Exposición en grupos reducido ou de xeito individual dun proxecto de investigación e reflexión crítica sobre un tópico da música, histórica ou actual	50	A2 A3 A4	C56	D1 D2 D6 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D18
--------------	---	----	----------------	-----	--

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao alumnado que teña unha asistencia regular (mínimo de 60% das clases impartidas) aplicaráselle os seguintes criterios de avaliación:

- a) Por asistencia: ata un 40% da cualificación de acordo co nivel de asistencia, sempre por enriba do 60% das clases impartidas.
- b) Elaboración dunha recensión crítica a partir dun texto ou textos proporcionados polo docente, cunha extensión mínima de 5 páxinas. Suporá ata un 30% da cualificación.
- c) Presentación dun traballo de investigación ao redor dalgún tópico da música histórica ou actual, no que se porá de manifesto a análise e valoración da función social da música. Suporá ata un 30% da cualificación.

As persoas que non teñan unha asistencia regular ás clases, entendendo como tal un mínimo dun 60% das mesmas, deberán presentar os traballos indicados nos puntos b e c anteriores, que neste caso ponderarán o 50% da cualificación, cada un.

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

As datas oficiais dos exames pódense consultar na web da facultade na ligazón correspondente:

<http://fceed.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

COOK. Nicolas, **De Madonna al Canto Gregoriano**, Alianza, 2001

MARTÍ, Josep, **El aula de música ante el reto de la interculturalidad**, 2003

Bibliografía Complementaria

ESTEVE, Rafael, **Comprender y amar la música.**, Océano., 2008

ROSS. Alex., **The rest is Noise: Listening to the twentieth century**, Farrar. Straus & Giroux, 2007

SWANWICK. Keith, **Música, pensamiento y educación**, Morata, 1991

TRAVÉ, Gabriel., **Música y Problemas Sociales**, 2003

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase:

- 1) Asistencia regular ás clases.
 - 2) Actitude favorable, receptiva e activa.
 - 3) Predisposición ao traballo en grupo
-